



AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR (ED. INFANTIL)

Preséntase un resumo das bases da convocatoria das axudas. Para maior información consultar na web do Concello.

2.1. REQUISITOS XERAIS:

- Estar empadroado e ter residencia efectiva permanente no Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Ter fillos/as matriculados en Educación Infantil en Centros de Ensino sostidos con fondos públicos e nas Escolas Infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa.
- Non superar os ingresos económicos fixados no baremo das bases.
- Presentar a documentación requirida no prazo establecido.
- Convivir co/a menor a cargo.
- Estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

2.2. REQUISITOS ECONÓMICOS:

Límites máximos de rendas obtidas no ano 2020:

Unidade familiar	Límite de ingresos anuais	Unidade familiar	Límite de ingresos anuais
2 membros	13823,22 €	5 membros	23038,84 €
3 membros	17663,04 €	6 membros	24574,77 €
4 membros	20734,96 €	7 membros	26110,70 €

Membros computables: o pai, a nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do/a menor, se é o caso, irmáns solteiras/os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do 2020 e os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.

No caso de **divorcio, separación legal ou de feito** dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva coa persoa solicitante da bolsa. Terá a consideración de membro computable, se é o caso, o/a novo/a, cónxuxe ou análogo e as súas rendas se incluírán no cómputo e terán a consideración de membros computables os seus fillos menores de 25 anos que convivan no domicilio.

Desta cantidade, deduciranse os gastos derivados do **alugamento ou hipoteca** de vivenda habitual, ata un máx. de 250€ mensuais, previa presentación da documentación acreditativa correspondente.

No caso de **familias monoparentais**, incrementarase a unidade familiar en 1 membro.

ARTIGO 3. CONTÍA DAS AXUDAS

O importe da axuda por cada alumno/a matriculado será de **60,00€**.

4.1. LUGAR E PRAZO DE RECOLLIDA E DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

As solicitudes presentaranse na sede electrónica do Concello <https://sede.vilagarcia.gal> ou no Rexistro Xeral municipal.

Establécense dúas convocatorias, cos seguintes prazos:

1ª convocatoria, **ata o 18 de xuño**.

2ª convocatoria, do **6 ao 17 de setembro**.

4.2. DOCUMENTACIÓN

- Impreso de solicitude (ANEXO I).
- Fotocopia do DNI ou NIE da persoa solicitante.
- Relación de membros da unidade familiar (anexo II). No seu caso, copia da demanda de separación ou divorcio, acordo regulador ou resolución xudicial sobre as medidas paterno filiais.
- Se é o caso, xustificante de pago de aluguer ou de hipoteca (primeira vivenda).
- Autorización para solicitar datos tributarios en relación ao IRPF de tódolos membros computables da unidade familiar maiores de 16 anos (anexo III).
- Certificación bancaria (IBAN) do número de conta na que o/a solicitante sexa titular ou cotitular.